

**COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA
DO DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2018**

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 6 de setembro de 2018.
2. Aprobar a relación do profesorado que no curso académico 2018-2019 cumpre os requisitos para ser titor ou titora do Traballo de Fin de Grao e autorizar a titorización polo profesor D. José Abundancia Domínguez previa solicitude expresa do interesado.
3. Respecto á designación dos titores académicos da materia “Prácticas externas”:
 - a) A designación do seguinte profesorado para a titorización da materia “Prácticas externas” no curso académico 2018-2019:
 - Prof.^a Dr.^a Susana Álvarez González
 - Prof.^a Dr.^a Marta Fernández Prieto
 - Prof.^a Dr.^a Francisca Fernández Prol
 - Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez
 - b) A delegación na coordinadora da materia “Prácticas externas” da designación doutros titores que cumpran os requisitos que establece o artigo 9 do Regulamento de prácticas externas do Grao en Dereito, a solicitude das persoas interesadas.

Ourense, 9 de outubro de 2018



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 9 de outubro de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 10 de outubro de 2018.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.